



## **Bolsas de carácter xeral para o ano académico 2023–2024, para estudantes que cursen estudos postobligatorios** (BOE do 17 de marzo de 2023)

# B O L S A S

### 1.- Destinatarios/as:

Poderá solicitar as bolsas desta convocatoria o alumnado que non supere unha determinada renda e/ou patrimonio familiar, que cumpra uns determinados requisitos de aproveitamento académico e que se atope cursando algunha das seguintes ensinanzas durante o ano académico 2023–2024:

- **Ensinanzas posobligatorias e superiores non universitarias:**
  - Primeiro e segundo cursos de Bacharelato.
  - FP de grao medio e de grao superior.
  - Ensinanzas artísticas profesionais.
  - Ensinanzas deportivas.
  - Ensinanzas artísticas superiores.
  - Estudos relixiosos superiores.
  - Estudos de idiomas realizados en escolas oficiais de titularidade pública.
  - Cursos de acceso e cursos de preparación para as probas de acceso á FP e cursos de formación específicos para o acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior.
  - Ciclos Formativos de Grao Básico.
- **Ensinanzas posobligatorias e superiores universitarias:**
  - Ensinanzas universitarias conducentes a títulos oficiais de grao e de mestrado.
  - Curso de preparación para acceso á universidade de maiores de 25 anos impartido por universidades públicas.
  - Complementos de formación para acceso ou obtención do título de mestrado e créditos complementarios para a obtención do título de grao.

### 2.- Procedemento:

Os/As solicitantes deberán cumprimentar o modelo de solicitude que figura na páxina web [www.educacionyfp.gob.es](http://www.educacionyfp.gob.es) a través do seguinte enlace:

<https://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/general/05/050130/ficha/050130-2023.html>




Unha vez cumprimentada a solicitude, será enviada polo procedemento telemático establecido, quedando así presentada a todos os efectos (non será necesario presentar documentación algunha no centro educativo). En calquera caso é recomendable arquivar unha copia do resgardo que a aplicación xerará de forma automática.

### 3.- Prazo de presentación:

O prazo de presentación de solicitudes estenderase **dende o día 27 de marzo de 2023 ata o 17 de maio de 2023**, ás 24:00 horas, hora peninsular, ambos inclusive.

### 4.- Para máis información:

Organismo	Páxina web	Código QR
	<a href="https://www.becaseducacion.gob.es/portada.html">https://www.becaseducacion.gob.es/portada.html</a>	